
DATOS & INFORMES



CONSELLO DA
CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA

Web

consellodacultura.org

Twitter:

[@consellocultura](https://twitter.com/consellocultura)

Facebook:

facebook.com/consellocultura

Correo:

medios@consellodacultura.org

Telf:

+34 981 95 72 02

15/07/2017

A música en Galicia

O seguinte documento presenta información relacionada coa actividade da música en Galicia e estrutúrase en dous bloques fundamentais: a música clásica e a música popular. O informe está conformado por unha serie de indicadores cos que se pretende dar unha visión precisa sobre o panorama musical galego: número de concertos, espectadores, recadación ou gasto medio por espectador, entre outros. Co fin de obter unha percepción máis obxectiva, o documento amosa, ademais, unha comparativa territorial, tanto co resto das comunidades autónomas de España como coa media estatal, á vez que se establece unha análise da evolución temporal dos datos.

Para a súa elaboración, tomouse como fonte a información reflectida no *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016* da Sociedad General de Autores (SGAE) relativa ás artes musicais. A importancia desta fonte vén xustificada pola inexistencia de estatísticas realizadas por institucións públicas como o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, que non publica datos sobre este ámbito de estudo e utiliza igualmente os facilitados pola SGAE. Tamén se obtiveron datos doutras fontes primarias para complementar a información.

As artes musicais, segundo a clasificación das diferentes disciplinas levada a cabo pola SGAE, abranguen as seguintes actividades:

- A música clásica, que engloba a música sinfónica, música de cámara, música coral e música de bandas e *rondallas*.
- A música popular, que abrangue a canción melódica, cantautores, pop-rock, metal, new age, dance-house, hip-hop e rap, canción española, flamenco, música folk, música étnica, música latina, jazz, blues e soul, electrónica, infantil e outros xéneros.

Neste documento de traballo non se aborda o xénero lírico: ópera e zarzuela, por fidelidade ao criterio metodolóxico de codificación da SGAE, que inclúe esa disciplina na categoría das Artes Escénicas.

I. As cifras da música clásica

A actividade musical que se vai tratar neste apartado, referido en termos xerais como “música clásica”, abrangue catro grandes categorías:

- a) Música sinfónica.
- b) Música de cámara e solistas.
- c) Música coral.
- d) Música de bandas e *rondallas*.

Dende 2010, ano que coincide coa celebración do Ano Santo, véñse experimentando en Galicia unha tendencia negativa en todos os indicadores



de actividade da música clásica, é dicir, número de concertos, número de espectadores e recadación, aínda que no último ano do que se recollen datos, o 2015, albíscase certa recuperación en todos eles, máis acentuado no que atinxe á recadación.

Na seguinte táboa móstranse os datos da evolución dos grandes indicadores da música clásica en Galicia nos últimos cinco anos.

Indicadores da actividade da música clásica en vivo en Galicia

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|-------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|-----------|
| Número de recintos | 401 | 423 | 302 | - | - | - |
| Número de concertos | 1.447 | 1.285 | 1.221 | 1.172 | 1.136 | 1.150 |
| Número de espectadores | 302.380 | 264.997 | 251.485 | 238.479 | 236.087 | 253.599 |
| Recadación | 756.608 | 720.194 | 711.576 | 682.681 | 763.565 | 1.030.670 |
| Gasto por habitante (€) | 0,27 | 0,26 | 0,26 | 0,25 | 0,28 | 0,38 |

Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*

Número de concertos

De acordo co *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016* da SGAE, no ano 2015 realizáronse en Galicia un total de 1.150 concertos de música clásica, é dicir, 14 concertos máis ca no ano 2014. Esta cifra supón un incremento dun 1,2 % con respecto ao ano anterior e cómpre salientar que, por primeira vez no quinquenio estudado, aumenta o número de concertos. Porén, esta cifra é moi inferior á que se rexistrou en 2006, ano en que se chegaron a realizar en Galicia 1.811 concertos de música clásica. Aínda así, a comunidade autónoma de Galicia ocupa o sétimo lugar en número de concertos realizados no conxunto do territorio español, despois da Comunidade Valenciana, Comunidade de Madrid, Andalucía, Cataluña, País Vasco e Castela e León. O comportamento no conxunto do Estado foi similar, cun aumento en todas as comunidades autónomas, agás en Andalucía, Castela-A Mancha e País Vasco.

Ao analizar a programación de concertos de música clásica máis polo miúdo, pódese observar que Galicia, xunto con comunidades autónomas como Aragón, Cantabria, Castela-A Mancha, Comunidade Valenciana, Navarra e País Vasco, se atopa por riba da media en número de concertos programados por ano (0,42 concertos por 1.000 habitantes no caso de Galicia e 0,31 no conxunto de España).

Na evolución xeral, obsérvase que o número de concertos de música clásica en Galicia aumenta progresivamente, con algunhas oscilacións, ata o ano 2006, cando se acada a cifra máis alta de toda a serie histórica (1.811). A partir de aí, prodúcese unha redución ata 2014, coa excepción dos anos 2009 e 2010. O ano 2015 supón de novo o incremento no número de concertos. No conxunto do Estado a evolución do número de concertos é moi similar á de Galicia (exceptuando as citadas repuntas), tal como se pode observar na seguinte gráfica.


Evolución do número de concertos de música clásica

A MÚSICA EN GALICIA

DATOS &
INFORMES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Segundo a táboa que se mostra a continuación, do total de concertos ofrecidos en Galicia en 2015, 552 foron de cámara e solistas, 355 de bandas e *rondallas*, 137 de música sinfónica e 106 de corais. Destaca o feito de que en concertos de bandas de música Galicia ocupa o terceiro lugar de España, despois da Comunidade Valenciana e Andalucía, mentres que en concertos de música sinfónica e música de cámara ocupa o sexto lugar.

Número de concertos por CC.AA. e tipo de música realizados en 2015

| | Música sinfónica | Música de cámara e solistas | Música coral | Bandas de música |
|-----------------------|------------------|-----------------------------|--------------|------------------|
| Total España | 2.285 | 7.475 | 1.828 | 3.048 |
| Andalucía | 219 | 1.097 | 175 | 499 |
| Aragón | 67 | 319 | 133 | 100 |
| Asturias | 71 | 137 | 33 | 16 |
| Baleares | 30 | 240 | 16 | 18 |
| Canarias | 91 | 107 | 4 | 29 |
| Cantabria | 22 | 150 | 43 | 2 |
| Castela-A Mancha | 45 | 66 | 30 | 184 |
| Castela e León | 114 | 679 | 181 | 93 |
| Cataluña | 398 | 1.128 | 169 | 218 |
| Comunidade Valenciana | 235 | 970 | 246 | 937 |
| Extremadura | 36 | 44 | 12 | 3 |
| Galicia | 137 | 552 | 106 | 355 |
| Comunidade de Madrid | 377 | 1.300 | 235 | 142 |
| Murcia | 39 | 47 | 36 | 83 |
| Navarra | 77 | 139 | 114 | 89 |
| País Vasco | 311 | 463 | 279 | 263 |
| A Rioxa | 15 | 31 | 16 | 17 |
| Ceuta e Melilla | 1 | 6 | 0 | 0 |


Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Na seguinte gráfica obsérvanse datos sobre a evolución do número de concertos por tipo de música en Galicia, sobre os que cómpre salientar algúns aspectos. No período que abarca esta



serie histórica, os concertos de música coral son os que máis diminuíron, pois pasaron de 265 en 2008 a 106 en 2015. Por outra banda, os que máis aumentaron neste período foron os de música de cámara e solistas, cun incremento de 75 concertos. No caso dos concertos de música sinfónica, o balance tamén é positivo, aínda que se produciron altibaixos, especialmente desde 2010, ano en que se acadou a cifra máis elevada. Por último, os concertos de bandas de música sufriron unha caída progresiva desde 2010, que só se recuperou lixeiramente en 2013.

Evolución do número de concertos de música clásica por tipo de música en Galicia



Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*


Número de espectadores

No ano 2015 asistiron a concertos de música clásica en Galicia 253.599 espectadores, que constitúen o 5,6 % do público do conxunto de España, que alcanzou un total de 4.532.354 espectadores. A diferenza doutros anos, en 2015 produciuse un aumento de máis de 17.000 espectadores con respecto ao ano 2014, o que supón un incremento dun 7,4 %. En liñas xerais, conséntase que o incremento do número de espectadores está relacionado co maior número de concertos programados.

Un indicador importante é a media de espectadores por concerto. Así, a de Galicia en 2015 é de 220,5 espectadores, mentres que no conxunto de España é bastante superior: 309,7. En canto a estas cifras, cómpre salientar que, mentres en Galicia aumentou en 12,7 a cifra media de espectadores por concerto con respecto a 2014, no conxunto de España aumentou en 4,2 espectadores. Por comunidades autónomas, Galicia foi das comunidades autónomas coa media máis baixa de espectadores por concerto: concretamente, é a cuarta comunidade autónoma co número máis baixo, despois de Andalucía, Baleares e Castela-A Mancha. A comunidade autónoma que rexistrou a media máis elevada en 2017 foi Canarias, con 616,7 espectadores por concerto.



Evolución do número de espectadores de concertos de música clásica




Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Recadación

No ano 2015 os concertos de música clásica en Galicia xeraron uns ingresos de 1.030.670 euros, o que supón un 2,7 % da recadación total en España, que se eleva a 38.001.213 euros. A recadación en Galicia aumenta nun 35 % con respecto a 2014. En 2015 a recadación aumentou en todas as comunidades autónomas agás na Comunidade Valenciana. Galicia foi a terceira comunidade onde máis creceu a recadación en concertos de música clásica despois da Rioxa e Estremadura.

Evolución da recadación obtida nos concertos de música clásica



Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

A seguinte táboa recolle un resumo xeral dos indicadores de recadación dos concertos de música clásica en Galicia e que poden explicar, en certa medida, os últimos datos de recadación. Por unha banda, o prezo medio da entrada en 2015 aumentou 0,40 euros con respecto ao ano anterior e, por outra, o número de espectadores a concertos en que hai que pagar entrada incrementouse en 23.763 persoas, é dicir, un 30,3 %. A media de espectadores



por concerto de pago en Galicia foi de 383,1, é dicir, 138,3 menos ca no conxunto de España. Ademais, a recadación por concerto ascendeu a 4.020 euros, cifra que, aínda que supón algo máis da metade ca no conxunto de España, supera en 401,2 euros de media a recadación por concerto acadada en 2014. Por último, o gasto por habitante en Galicia (0,38 euros) aumentou en 2015 ao igual ca no conxunto do Estado e na maioría das comunidades autónomas, polo que é a quinta comunidade autónoma co gasto por habitante máis baixo de España, só por diante de Asturias, A Rioxa, Estremadura e Ceuta e Melilla.

Indicadores de recadación dos concertos de música clásica en 2015

| | Galicia | España |
|---|-----------|------------|
| Concertos de pago | 267 | 4.894 |
| Espectadores a concertos de pago ¹ | 102.285 | 2.551.538 |
| Recadación (€) | 1.030.670 | 38.001.213 |
| Espectadores/concerto de pago | 383,1 | 521,4 |
| Recadación/concerto (€) | 4.020 | 7.764,9 |
| Prezo medio da entrada (€) | 10,1 | 14,9 |
| Gasto por habitante | 0,38 | 0,82 |


Fonte: Elaboración propia a partir de datos da SGAE

O prezo medio da entrada en 2015 foi de 10,1 euros, mentres que no conxunto do Estado foi de 14,9 euros. A comunidade autónoma co prezo medio máis alto foi a de Cataluña (18,4 €), que é 8,3 euros máis caro que en Galicia, e mesmo supera en 3,5 euros o prezo medio da entrada no conxunto do Estado. Deste xeito, Galicia é a quinta comunidade autónoma cos prezos máis baixos dos concertos de música clásica despois de Ceuta e Melilla, Estremadura, A Rioxa e Asturias. En Galicia o prezo medio da entrada en 2015 aumentou 0,40 euros; pola contra, no conxunto de España diminuíu 0,10 euros con respecto a 2014. A comunidade autónoma onde máis aumentou o prezo medio da entrada foi Castela-A Mancha (4,6 €) e na que máis diminuíu foi na Rioxa (-1,6 €). Na gráfica que se mostra a continuación pódense observar os prezos medios das entradas en todas as comunidades autónomas e no conxunto de España.

¹ Cómpre ter en conta que, ao contabilizar o número de espectadores a concertos de pago, se inclúen os/as abonados/as ás temporadas das diferentes orquestras, tanto en Galicia coma no conxunto de España. Deste xeito, a cifra referente ao número de espectadores reflicte unha cantidade superior á cifra real de usuarios únicos que asisten aos concertos. Concretamente en Galicia, na última temporada 2016-2017 a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) contou con 1.800 abonados e a Real Filharmonía de Galicia (RFG), con 502.



Prezo medio das entradas dos concertos de música clásica en 2015 por CC.AA.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da SGAE

A recadación global en concertos de música clásica distribúese do seguinte xeito segundo o tipo de concertos:

Recadación total dos concertos de música clásica por tipo de concertos en 2015

| | Galicia | | España | |
|------------------|-----------|-----------------|------------|-----------------|
| | Total (€) | % da recadación | Total (€) | % da recadación |
| Música sinfónica | 665.612 | 64,6 | 22.767.734 | 59,9 |
| Música de cámara | 222.766 | 21,6 | 13.298.690 | 35,0 |
| Música coral | 20.341 | 2,0 | 1.278.483 | 3,4 |
| Música de bandas | 121.951 | 11,8 | 656.307 | 1,7 |
| Total | 1.030.670 | 100,0 | 38.001.213 | 100,0 |

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do *Anuario* da SGAE

Como se pode observar, case as tres cuartas partes da recadación en Galicia procede de concertos de música sinfónica, aínda que esta porcentaxe diminuíu 2,4 puntos porcentuais con respecto a 2014. No caso de España, a porcentaxe é 4,7 puntos porcentuais inferior, porque se recada máis en concertos de música de cámara (+13,4 %) e de música coral (+1,4 %). Outro dato interesante é que porcentualmente en Galicia se recada máis en concertos de bandas ca no conxunto de España, e así en 2015 ingresáronse 97.162 euros máis ca en 2014.

En 2015, a recadación aumentou en todos os tipos de concertos: música sinfónica (un 30,1 %), música de cámara (un 3 %), música coral (un 88,6 %) e música de bandas (un 392 %). É salientable o feito de que nos concertos de música de bandas a recadación case se quintuplicou con respecto ao ano anterior, tendo en conta que en 2014 a recadación diminuíu en máis dun 35 % con respecto a 2013.



No conxunto de España, a recadación aumentou en todos os tipos de concertos, agás nos de música coral.

A continuación, analízanse polo miúdo os resultados de cada un dos catro subgrupos en que a SGAE divide os datos globais de música clásica: música sinfónica, de cámara e solistas, coral e de bandas e *rondallas*.

a) *Número de concertos*

Número de concertos de música clásica por tipo de entrada en Galicia

| | | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|-------------------------------------|---------------|------|------|------|------|------|------|
| Música sinfónica | Total | 147 | 111 | 114 | 102 | 115 | 137 |
| | Gratuítos (%) | 13,6 | 45,0 | 51,7 | 50,0 | 46,1 | 40,1 |
| Música de cámara e solistas | Total | 582 | 575 | 584 | 563 | 551 | 552 |
| | Gratuítos (%) | 75,4 | 76,0 | 75,3 | 74,8 | 74,8 | 73,7 |
| Música coral | Total | 221 | 118 | 111 | 108 | 106 | 106 |
| | Gratuítos (%) | 95,9 | 98,3 | 97,3 | 96,3 | 96,2 | 92,4 |
| Música de bandas e <i>rondallas</i> | Total | 497 | 481 | 412 | 399 | 364 | 355 |
| | Gratuítos (%) | 97,4 | 96,0 | 96,4 | 95,0 | 98,3 | 91,0 |

Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

No tocante aos concertos de música sinfónica, a táboa anterior mostra que o número de concertos en 2015 continúa aumentando, logo do retroceso sufrido en 2012, pero aínda é inferior á cifra acadada en 2010, ano en se realiza o número máis elevado de concertos de música sinfónica en Galicia, concretamente 147. Os concertos deste tipo en Galicia supuxeron un 6 % do total de toda España, polo que ocupa o sexto lugar entre as comunidades autónomas, despois de Cataluña, Madrid, País Vasco, Comunidade Valenciana e Andalucía. Por outra banda, a porcentaxe de concertos de música sinfónica gratuítos en todo o Estado en 2015 ascende a un 31,2 %, 8,9 puntos porcentuais por debaixo da cifra rexistrada en Galicia nese ano. Porén, esta porcentaxe é moi variable entre as diferentes comunidades autónomas xa que nalgunhas como Madrid o 91,8 % dos concertos de música sinfónica que se levaron a cabo nese ano foron de pago, mentres que noutras como Castela-A Mancha o número de concertos gratuítos acada o 86,7 %. O número de concertos de balde en Galicia aumentou de forma significativa nos dous últimos anos. En 2010, por exemplo, só un 13,6 % dos concertos foron gratuítos.

Ao analizar polo miúdo os concertos das orquestras profesionais galegas, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) e a Real Filharmonía de Galicia (RFG), obsérvanse os seguintes datos relativos aos concertos dos cinco últimos anos.

Concertos da RFG e da OSG por tipos

| | RFG | | | | | OSG | | | | |
|-------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 | 2016 |
| Concertos de abono | 25 | 23 | 24 | 26 | 23 | 27 | 32 | 25 | 27 | 31 |
| Concertos en xira (Galicia) | 8 | 17 | 21 | 20 | 18 | 5 | 9 | 13 | 13 | 12 |
| Concertos en xira (fóra de Galicia) | 5 | 2 | 8 | 3 | 5 | - | 2 | - | 7 | 3 |
| Concertos didácticos | 6 | 6 | 9 | 7 | 1 | - | 2 | 7 | 2 | 1 |
| Concertos familiares | - | 3 | 6 | 5 | 5 | 1 | - | 3 | 6 | 2 |
| Concertos en festivais | 3 | 7 | 6 | 5 | 3 | 12 | 10 | 4 | 1 | 2 |
| Concertos extraordinarios | 3 | 7 | 6 | 9 | 7 | 5 | 4 | 6 | 3 | 3 |
| Total | 50 | 65 | 80 | 75 | 62 | 50 | 59 | 58 | 59 | 53 |

Fonte: Elaboración propia a partir de *sinfonicadegalicia.com* e *rfgalicia.org*



Segundo estes datos, en 2016 as dúas orquestras diminuíron o seu número de concertos con respecto ao ano anterior. Concretamente a RFG ofreceu 13 concertos menos e a OSG 6 menos. Isto significa que en 2016 a RFG ofreceu de media un concerto cada 5,6 días e a OSG un concerto cada 6,8 días. Outro dato salientable refírese ao número de concertos en xira fóra de Galicia. Mentres que a RFG ofreceu dous concertos máis ca no ano anterior, a OSG baixou de 7 a 3. O número de concertos en xira por Galicia mantívose para as dúas orquestras, debido fundamentalmente á temporada estable que manteñen as dúas orquestras en Vigo, ademais de ofrecer concertos noutras cidades de Galicia como Lugo, Ferrol, Pontevedra, Ourense e Monforte de Lemos.

Por outra banda, os concertos de **música de cámara e solistas** supuxeron un 48 % do total dos de música clásica realizados en Galicia en 2015 e un 7,4 % do total de concertos de cámara en toda España. Foi no ano 2012 cando se rexistrou o maior número de concertos deste tipo e a partir deste ano produciuse un descenso progresivo, que supón un 5,5 % menos ca en 2012. Galicia ocupa o sexto lugar de toda España onde se levaron a cabo máis concertos de música de cámara despois de Madrid, Cataluña, Andalucía, Comunidade Valenciana e Castela e León. Cómpre salientar que un 73,7 % dos concertos de cámara son gratuítos, é dicir, case dez puntos porcentuais por riba do conxunto de España, onde o 64 % son de balde.

No que atinxe á **música coral**, os concertos deste tipo mantivéronse estables no ano 2015, logo de sufriren un maior descenso no período de 2010-2014, concretamente dun 52 %. Os concertos realizados na comunidade galega en 2015 supuxeron un 5,8 % do total do Estado. Galicia ocupa o noveno lugar en número de concertos de música coral en 2015, mentres que o País Vasco é a comunidade autónoma onde máis concertos de corais houbo (236) e Extremadura onde se rexistrou o menor número (3). O máis salientable é que case a totalidade deste tipo de concertos foron gratuítos en Galicia en toda a serie temporal.

Por último, os concertos de **música de bandas e rondallas** acadaron a súa cifra máis elevada en 2010, con 497 concertos, e a partir dese ano comezaron a diminuír ata chegar aos 358 en 2015; é dicir, reducíronse un 28 % con respecto a 2010 e un 2,4 % a 2014. O número de concertos de bandas en Galicia no ano 2015 supuxo un 11,6 % do total dos que houbo no conxunto do Estado. O 91 % dos concertos de bandas foron gratuítos fronte ao 87,2 % no conxunto do Estado. É importante salientar que en 2015 Galicia ocupou o terceiro lugar de toda España en número de concertos de bandas de música realizados, despois da Comunidade Valenciana e Andalucía.

b) Número de espectadores

Cómpre diferenciar o número de espectadores segundo o tipo de concertos para ver a evolución que experimentan neste período en Galicia.

Número de espectadores de concertos de música clásica por tipo de música en Galicia

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|------------------------------|---------|---------|---------|---------|---------|---------|
| Música sinfónica | 84.091 | 60.922 | 62.062 | 55.757 | 59.410 | 74.114 |
| Música de cámara e solistas | 109.499 | 112.442 | 113.817 | 109.717 | 107.197 | 106.516 |
| Música coral | 31.035 | 15.877 | 8.574 | 8.258 | 8.674 | 9.990 |
| Música de bandas e rondallas | 77.755 | 75.756 | 67.032 | 64.747 | 60.806 | 62.979 |

Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015*

Nos concertos de **música sinfónica** continúa a recuperación da cifra de espectadores iniciada en 2014, logo de tres anos consecutivos de descenso. En 2015 a cifra de espectadores aumentou en 14.704 persoas, o que supón un incremento dun 24,7 % con respecto a 2014. Aínda así, a cifra de espectadores neste último ano fica lonxe da acadada en 2010, con case 10.000 espectadores máis. Esta cifra de espectadores supón un 4,8 % do conxunto do Estado, onde o número total de espectadores tamén se incrementou con respecto a 2014 nun 7,8 %.



Galicia ocupa o quinto lugar do conxunto do Estado no número de espectadores de concertos de música sinfónica, despois da Comunidade de Madrid, País Vasco, Cataluña, Comunidade Valenciana, Andalucía e Canarias.

Os concertos de **música de cámara e solistas** en Galicia foron os que rexistraron o maior número de espectadores en todos os anos desta serie histórica. É salientable o feito de que a cifra de espectadores en Galicia foi medrando progresivamente ata 2012 e a partir dese ano comezou a diminuír ata 2015 nun 6,4 %. Esta cifra de espectadores supón un 5,8 % do conxunto do Estado, Galicia ocupa o oitavo lugar no conxunto do Estado en número de espectadores de concertos de música de cámara e solistas, despois da Comunidade de Madrid, Cataluña, Comunidade Valenciana, Andalucía, Castela e León, País Vasco e Aragón.

Os concertos de **música coral** rexistran en 2015 un aumento do número de espectadores dun 15,2 % con respecto a 2014, logo dun período de tres anos consecutivos de descenso. Este aumento acontece malia non aumentar o número de concertos e diminuír a cifra de concertos gratuítos deste tipo, que aínda así continúa a ser moi elevado (92,4 %). No conxunto de España tamén se produciu este aumento de espectadores, aínda que de forma máis moderada, nun 4,1 % con respecto a 2014.

Por último, a asistencia a concertos de **música de bandas e rondallas** aumentou nun 3,6 % con respecto a 2014, logo de catro anos consecutivos de descenso. Esta caída explícase, ao igual ca a dos concertos de música coral, pola redución na programación deste tipo de concertos: concretamente en 2014 houbo 142 concertos de bandas menos ca en 2010. Porén, no conxunto de España o número de espectadores descendeu nun 2,5 % neste mesmo período.

c) Recadación

Os indicadores de recadación no ano 2015 para os concertos de música sinfónica e de cámara, coral e de bandas detállanse na seguinte táboa.

Indicadores de recadación por tipo de concerto. Ano 2015

| | Galicia | España |
|-------------------------------------|---------|------------|
| MÚSICA SINFÓNICA | | |
| Concertos de pago | 82 | 1.572 |
| Espectadores a concertos de pago | 57.151 | 1.345.679 |
| Recadación (euros) | 665.612 | 22.767.734 |
| Espectadores/concerto de pago | 697,0 | 856,0 |
| Recadación/concerto (euros) | 8.117,2 | 14.483,3 |
| Prezo medio da entrada (euros) | 11,6 | 16,9 |
| MÚSICA DE CÁMARA E SOLISTAS | | |
| Concertos de pago | 145 | 2.689 |
| Espectadores a concertos de pago | 31.548 | 914.134 |
| Recadación (euros) | 222.766 | 13.298.690 |
| Espectadores/concerto de pago | 217,6 | 340,0 |
| Recadación/concerto (euros) | 1.536,3 | 4.945,6 |
| Prezo medio da entrada (euros) | 7,1 | 14,5 |
| MÚSICA CORAL | | |
| Concertos de pago | 8 | 243 |
| Espectadores a concertos de pago | 3.571 | 124.513 |
| Recadación (euros) | 20.341 | 1.278.483 |
| Espectadores/concerto de pago | 446,4 | 512,4 |
| Recadación/concerto (euros) | 2.542,6 | 5.261,2 |
| Prezo medio da entrada (euros) | 5,7 | 10,3 |
| MÚSICA DE BANDAS E RONDALLAS | | |

DATOS &
INFORMES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

| | | |
|----------------------------------|---------|---------|
| Concertos de pago | 32 | 390 |
| Espectadores a concertos de pago | 10.015 | 167.212 |
| Recadación (euros) | 121.951 | 656.307 |
| Espectadores/concerto de pago | 313,0 | 428,7 |
| Recadación/concerto (euros) | 3.811,0 | 1.682,6 |
| Prezo medio da entrada (euros) | 12,2 | 3,9 |

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da SGAE

No que concirne á evolución da recadación dos concertos de **música sinfónica** nos últimos cinco anos en Galicia e no conxunto de España, pódense constatar dúas tendencias: en Galicia prodúcese un descenso significativo en concertos de música sinfónica a partir de 2010, que se volve recuperar en 2014 e 2015. Neste último ano, a recadación dos concertos de música en Galicia incrementouse nun 30,1 % con respecto ao ano anterior. Por outra banda, no conxunto de España hai un descenso continuo ata 2014 e comeza a incrementarse en 2015 nun 6,3 % con respecto ao ano anterior.

No tocante aos concertos de pago, cómpre salientar que en España estes representan en 2015 un 68,8 % do total. Galicia, cun 59,8 %, é a sexta comunidade autónoma coa porcentaxe máis baixa de concertos de pago de toda España.

En relación co prezo medio das entradas, obsérvase que en Galicia é o segundo máis baixo de toda España despois do País Vasco. Deste xeito, o prezo medio da entrada en Galicia é 5,3 euros máis barato ca no conxunto de España e tres veces máis barato ca en Castela e León, onde se paga de media 35,1 euros por entrada. É preciso subliñar que, agás en Asturias, no resto das comunidades autónomas e no conxunto do Estado o prezo medio das entradas ou ben se mantivo igual ou ben diminuíu con respecto a 2014.

En canto á **música de cámara**, a recadación en Galicia logrou a cifra máis elevada da serie histórica 2010-2015 e aumentou un 10,1 % neste período, mentres que no total de España diminuíu un 5,8 % no mesmo período. No conxunto do Estado a recadación deste tipo de concertos diminuíu ata 2014 e en 2015 produciuse un incremento dun 2,8 % con respecto ao ano anterior. Por outra banda, cómpre salientar que en Galicia o prezo medio das entradas deste tipo de concertos (7,1 €) é menos da metade ca o do conxunto do Estado (14,5 €) e o cuarto máis baixo de todas as comunidades autónomas.

En relación coa **música coral**, a recadación deste tipo de concertos en Galicia experimentou unha evolución irregular no período 2010-2015 xa que, despois de reducirse un 67,3 % entre 2010 e 2011, empezou a aumentar progresivamente ata 2015. Así, no último ano case se chegou a duplicar a recadación do ano anterior, cifra que supón o crecemento máis significativo dos últimos seis anos. O número de concertos en que se paga entrada tamén se duplicou, pasan de 4 en 2014 a 8 en 2015, pero os espectadores foron aumentando todos os anos agás en 2011. O feito máis significativo que pode explicar este aumento da recadación é o incremento anual do prezo medio da entrada entre 2010 e 2015 (78,1 %); aínda así, segue a ser un dos prezos máis baixos de España.

Por último, a recadación dos concertos de **música de bandas** quintuplicouse en 2015 con respecto ao ano anterior. Isto explícase porque o número de concertos en que hai que pagar entrada tamén se quintuplicou e pasa de 6 en 2014 a 32 en 2015. O número de espectadores que asistiu a estes concertos aumentou en 8.000 pero o prezo medio da entrada mantívose con respecto a 2014.

II. As cifras da música popular en vivo



Esta segunda parte do documento de traballo aborda información relativa á música popular. Por unha banda e de xeito introdutorio, agrúpase nunha primeira táboa-resumo a evolución dos datos dos principais indicadores na comunidade galega entre os anos 2010 e 2015. Desde o número de concertos ou espectadores ata datos de recadación ou gasto medio por espectador, unha información que se irá analizando polo miúdo ao longo do apartado.

Evolución dos principais indicadores da música popular en Galicia. 2010-2015

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|------------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|
| Concertos | 5.671 | 5.422 | 5.206 | 4.506 | 3.938 | 3.646 |
| Espectadores | 2.388.684 | 1.334.267 | 1.319.209 | 1.084.316 | 1.011.270 | 945.041 |
| Recadación | 8.612.168 | 7.558.937 | 6.992.891 | 5.940.059 | 6.096.389 | 5.744.517 |
| Espectadores por concerto | 421,2 | 246,1 | 253,4 | 240,6 | 256,8 | 259,2 |
| Recadación por concerto | 1.518,6 | 1.394,1 | 1.343,2 | 1.318,2 | 1.548,1 | 1.576,0 |
| Gasto medio por espectador (euros) | 3,6 | 5,7 | 5,3 | 5,5 | 6,0 | 6,1 |

Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*

Por outra banda, nunha segunda táboa compílase información desagregada de cada un dos estilos musicais que conforman a música popular, tal e como os clasifica a fonte de referencia, o *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*. A recollida de información céntrase no último ano de estudo e sobre tres indicadores básicos: concertos, espectadores e recadación.

Como se observa na seguinte táboa, o estilo musical ten unha forte influencia nos resultados globais dos indicadores da música popular.

Principais indicadores da música popular en Galicia, segundo o estilo musical. Ano 2015


| | Concertos | Recadación | Espectadores |
|---------------------------------|-----------|------------|--------------|
| Total | 3.646 | 5.744.517 | 945.041 |
| <i>Porcentaxe sobre o total</i> | | | |
| Canción melódica | 1,0 | 0,1 | 3,6 |
| Cantautores | 3,0 | 0,9 | 4,7 |
| Pop rock en xeral | 81,9 | 93,8 | 66,2 |
| <i>New age</i> | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| Música <i>dance-house</i> | 0,0 | 0,0 | 0,0 |
| Hip-hop, rap | 0,4 | 0,1 | 0,9 |
| Canción española | 1,5 | 0,1 | 0,9 |
| Flamenco, taboados flamencos | 0,9 | 0,4 | 0,9 |
| Música folk | 4,7 | 0,5 | 9,3 |
| Música étnica | 0,1 | 0,7 | 0,2 |
| Música latina | 0,3 | 0,2 | 1,3 |
| Jazz, blues, soul | 2,7 | 1,8 | 2,3 |
| Electrónica | 0,4 | 0,1 | 1,2 |
| Infantil | 0,7 | 0,7 | 1,7 |
| Outros | 2,3 | 0,6 | 6,7 |

Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*



A seguinte gráfica mostra a evolución do número de concertos de música popular entre os anos 2010 e 2015, a través dunha comparativa entre Galicia e o total España. Como se observa, ambas as tendencias son moi semellantes, cunha baixada progresiva dende 2010, que se acentúa de xeito claro a partir da suba do IVE cultural no ano 2012.


Evolución do número de concertos de música popular



Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*

As comunidades de Madrid e Andalucía son líderes en números de concertos, cun 25,1 % e un 24 % respectivamente; entre ambas as dúas case abranguen a metade dos realizados en toda España. En terceiro lugar atópase Cataluña, cun 14,2 %. Xa por debaixo do 10 % están todas as demais comunidades. Galicia ocupa o sétimo posto, cun 4 %.

Porcentaxe de concertos de música popular realizados nas comunidades autónomas respecto ao total de España en 2015



Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*

Un 81,9 % dos concertos realizados en Galicia corresponde a estilos musicais de pop e rock en xeral, seguidos polos de música folk, cun 4,7 %, e os de cantautores, cun 3 %. No conxunto de España tamén o pop e o rock son os estilos máis interpretados, cun 73,2 %, pero a segunda posición ocúpaa o flamenco, cun 8,6 % de concertos, debido fundamentalmente á alta porcentaxe de actuacións deste xénero musical nas comunidades de Andalucía, Madrid e Castela e León. A orde de preferencias dos espectadores polos diferentes estilos musicais pódese observar na seguinte táboa.

Porcentaxe de concertos de música popular segundo o estilo musical. Ano 2015

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA


| | España | Galicia |
|----------------------------------|---------------|--------------|
| Total número de concertos | 90.212 | 3.646 |
| Canción melódica | 1,9 | 1,0 |
| Cantautores | 1,6 | 3,0 |
| Pop rock en xeral | 73,2 | 81,9 |
| <i>New age</i> | 0,0 | 0,0 |
| Música <i>dance-house</i> | 1,6 | 0,0 |
| Hip-hop, rap | 0,8 | 0,4 |
| Canción española | 2,1 | 1,5 |
| Flamenco, taboados flamencos | 8,6 | 0,9 |
| Música folk | 1,4 | 4,7 |
| Música étnica | 0,2 | 0,1 |
| Música latina | 0,8 | 0,3 |
| Jazz, blues, soul | 3,0 | 2,7 |
| Electrónica | 2,3 | 0,4 |
| Infantil | 0,5 | 0,7 |
| Outros | 2,0 | 2,3 |

Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*

Espectadores

O ano 2015 caracterízase por unha baixada xeneralizada do número de espectadores de concertos de música popular tanto en Galicia como no conxunto de España. Todas as comunidades autónomas sen excepción perderon público: 945.041 persoas asistiron en Galicia a estes concertos, o que supón un descenso dun 6,5 % con respecto a 2014, e dun 60,4 % con respecto a 2010, ano en que se rexistrou o maior número de espectadores (case 2,4 millóns) do período analizado. O público galego constituíu un 4 % do total estatal, que acadou os 21.749.198 espectadores en 2015.


Evolución do número de espectadores dos concertos de música popular

Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*



Un 53,8 % do total do público asistente en 2015 a concertos de música popular pertence ás comunidades autónomas de Andalucía (19,5 %), Cataluña (18 %) e Madrid (16,3 %). Galicia ocupa a oitava posición en número de espectadores, a unha distancia de 15,2 puntos porcentuais de Andalucía, que encabeza a lista.

Porcentaxe de espectadores de concertos de música popular, respecto ao total, por comunidades autónomas. Ano 2015



Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*

Os concertos de pop rock son os preferidos do público galego, con máis de 625.000 espectadores, un 66,2 % do total. A moita distancia séguenlles os concertos de música folk, que atraen o 9,3 % do público, 7,2 puntos por riba da media estatal. Destacan de xeito sobranceiro neste estilo musical dúas comunidades autónomas: Asturias, que absorbe un 28,4 % de espectadores nos concertos de música folk, e A Rioxa, cun 11 %. Na seguinte táboa amósase a comparativa coa media estatal segundo cada estilo musical.


Porcentaxe de espectadores de música popular, segundo o estilo musical. Ano 2015

| | España | Galicia |
|------------------------------|-------------------|----------------|
| Total espectadores | 21.749.198 | 945.041 |
| Canción melódica | 2,3 | 3,6 |
| Cantautores | 1,9 | 4,7 |
| Pop rock en xeral | 72,1 | 66,2 |
| <i>New age</i> | 0,1 | 0,0 |
| Música <i>dance-house</i> | 0,2 | 0,0 |
| Hip-hop, rap | 0,3 | 0,9 |
| Canción española | 3,2 | 0,9 |
| Flamenco, taboados flamencos | 7,4 | 0,9 |
| Música folk | 2,1 | 9,3 |
| Música étnica | 0,2 | 0,2 |
| Música latina | 1,8 | 1,3 |
| Jazz, blues, soul | 2,9 | 2,3 |
| Electrónica | 2,3 | 1,2 |
| Infantil | 0,8 | 1,7 |
| Outros | 2,4 | 6,7 |

Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA**Recadación²**

A recadación dos concertos de música popular en Galicia experimentou en 2015 un descenso que rompe a tendencia do ano anterior, cando aumentou nun 2,6 %, despois de catro anos consecutivos de descenso. Porén, no conxunto de España continúa a tendencia á alza da recadación iniciada en 2013, que supón un aumento de máis de 30 millóns de euros e se achega á recadación acadada en 2010. No ano 2015 recadáronse en Galicia 5.744.517 euros en concertos de música popular, uns 195.000 euros menos ca o ano anterior, o que supón un 3,1 % da recadación total en España, que chegou aos 186.852.567 euros.

Evolución da recadación dos concertos de música popular

Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*

Con todo, nunha análise máis pormenorizada obsérvase que das 17 comunidades autónomas son nove as que experimentan este ascenso, fronte a outras oito en que descende a recadación. En xeral, o aumento da recadación en máis de 38 millóns de euros focalízase fundamentalmente nas comunidades de Cataluña, Castela e León e Comunidade Valenciana.

² Neste apartado ofrécense os datos de recadación global de todos os concertos de música popular, incluídos os macroconcertos e os grandes festivais de música.

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A seguinte táboa amosa a recadación por comunidade autónoma. Como se ve, o 55,3 % do total da recadación estatal concéntrase nas comunidades de Cataluña (21,8 %), Madrid (17,2 %) e Comunidade Valenciana (16,3 %).

Recadación dos concertos de música popular, segundo as comunidades autónomas

| Comunidade autónoma | Recadación (€) |
|----------------------------|-----------------------|
| Total España | 286.852.567 |
| Cataluña | 40.643.966 |
| Madrid | 32.138.023 |
| Comunidade Valenciana | 30.374.863 |
| Andalucía | 21.466.933 |
| País Vasco | 13.174.435 |
| Castela-A Mancha | 9.588.676 |
| Aragón | 7.914.558 |
| Castela e León | 6.707.845 |
| Galicia | 5.744.517 |
| Murcia | 5.617.557 |
| Canarias | 3.565.245 |
| Baleares | 3.163.684 |
| Asturias | 2.152.376 |
| Cantabria | 1.500.044 |
| Navarra | 1.345.925 |
| Estremadura | 1.013.727 |
| A Rioxa | 676.231 |
| Ceuta e Melilla | 63.960 |

Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*

Por xéneros musicais, o pop rock acapara o 93,8 % da recadación dos concertos de música popular en Galicia, que ascendeu en 2015 a máis de 5,7 millóns de euros. O mesmo sucedeu no total España, aínda que a unha distancia de máis de 11 puntos porcentuais, un 82,2 % concretamente. A continuación, expónse a recadación tanto na comunidade galega como no conxunto estatal, segundo o estilo musical dos eventos musicais.

Porcentaxe da recadación dos concertos de música popular segundo o estilo musical. Ano 2015

| | España | Galicia |
|------------------------------|--------------------|------------------|
| Total | 186.852.567 | 5.744.517 |
| Canción melódica | 1,4 | 0,1 |
| Cantautores | 2,1 | 0,9 |
| Pop rock en xeral | 82,2 | 93,8 |
| <i>New age</i> | 0,1 | 0,0 |
| Música <i>dance-house</i> | 0,1 | 0,0 |
| Hip-hop, rap | 0,8 | 0,1 |
| Canción española | 2,6 | 0,1 |
| Flamenco, taboados flamencos | 3,0 | 0,4 |
| Música folk | 0,8 | 0,5 |
| Música étnica | 0,4 | 0,7 |
| Música latina | 0,8 | 0,2 |

**DATOS &
INFORMES**



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA


| | | |
|-------------------|-----|-----|
| Jazz, blues, soul | 2,0 | 1,8 |
| Electrónica | 1,3 | 0,1 |
| Infantil | 0,8 | 0,7 |
| Outros | 1,4 | 0,6 |

Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*

O gasto medio por espectador en Galicia é de 6,1 euros, 3,5 euros menos ca a media nacional. Os habitantes de Castela-A Mancha, cun gasto de 17,4 euros, son os que máis desembolsan neste tipo de eventos musicais, seguidos dos da Comunidade Valenciana, cun gasto de 16,3 euros. As cidades autónomas, Asturias e Estremadura son as únicas que baixan dos 3 euros, tal e como mostra a seguinte gráfica.



Gasto medio por espectador (euros) en conciertos de música popular, segundo a comunidade autónoma. Ano 2015



Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2016*

Na táboa de evolución do gasto por espectador nos últimos seis anos, obsérvase como tan só en dúas comunidades autónomas (Aragón e Extremadura) se reduciu o gasto por espectador en 2015. É salientable o feito de que no conxunto de España se acadou a cifra máis elevada do período estudado, con 8,6 euros de gasto por espectador, cun aumento en 2015 dun 14,7 % con respecto ao ano anterior. Nalgunhas comunidades a suba é importante, como no caso de Castela-A Mancha, cuxo gasto por espectador en 2015 duplica o do ano anterior. En Galicia, cun gasto de 6,1 euros, apenas hai variación respecto a 2014, pero en cambio dobra o de 2010 (3,6 euros).

Evolución do gasto medio por espectador dos conciertos de música popular, segundo a comunidade autónoma (euro)

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | 2014 | 2015 |
|--------------|------|------|------|------|------|------|
| Total España | 6,3 | 6,4 | 6,6 | 6,5 | 7,5 | 8,6 |
| Andalucía | 4,2 | 4,0 | 3,9 | 3,9 | 4,3 | 5,1 |
| Aragón | 6,9 | 7,2 | 7,1 | 6,9 | 7,3 | 7,0 |
| Asturias | 2,5 | 2,2 | 2,1 | 2,3 | 2,8 | 3,1 |
| Baleares | 6,4 | 6,4 | 6,3 | 6,1 | 8,1 | 8,2 |
| Canarias | 8,5 | 9,2 | 9,6 | 9,6 | 10,3 | 10,2 |
| Cantabria | 3,2 | 2,6 | 2,5 | 2,3 | 4,0 | 5,1 |

DATOS &
INFORMESCONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

| | | | | | | |
|-----------------------|------|------|-----|------|------|------|
| Castela e León | 4,6 | 5,0 | 5,1 | 5,0 | 5,4 | 6,0 |
| Castela-A Mancha | 4,5 | 4,4 | 5,1 | 6,3 | 8,1 | 17,4 |
| Cataluña | 6,2 | 6,8 | 7,0 | 7,2 | 8,7 | 10,4 |
| Comunidade Valenciana | 7,4 | 10,0 | 9,4 | 10,4 | 13,2 | 16,3 |
| Extremadura | 6,2 | 0,7 | 5,4 | 3,9 | 4,1 | 3,4 |
| Galicia | 3,6 | 5,7 | 5,3 | 5,5 | 6,0 | 6,1 |
| Madrid | 10,0 | 8,2 | 9,1 | 8,0 | 8,8 | 9,0 |
| Murcia | 8,3 | 9,5 | 9,3 | 9,5 | 10,9 | 11,2 |
| Navarra | 5,4 | 5,8 | 5,7 | 5,5 | 4,8 | 4,8 |
| País Vasco | 8,2 | 8,5 | 8,6 | 8,8 | 7,8 | 9,1 |
| A Rioxa | 4,5 | 3,8 | 3,8 | 3,6 | 3,7 | 4,8 |
| Ceuta e Melilla | 2,5 | 2,5 | 2,4 | 2,3 | 2,9 | 2,9 |

Fonte: SGAE. *Anuario de las artes escénicas, musicales y audiovisuales 2015***Conclusiones**

No ano 2015 asistiron a concertos de música clásica en Galicia un total de 253.599 espectadores, cifra que supón o 5,6 % do total de España. A diferenza doutros anos, en 2015 produciuse un aumento de máis de 17.000 espectadores con respecto a 2014, o que significa un incremento dun 7,4 %.

En 2015 os concertos de música clásica en Galicia xeraron uns ingresos de 1.030.670 euros, unha importante suba dun 35 % máis ca o ano anterior. A recadación galega constitúe o 2,7 % da total de España, que acada un cantidade global de 38.001.213 euros.

Galicia é a quinta comunidade autónoma cos prezos máis baixos dos concertos de música clásica. Tamén está entre as seis comunidades autónomas cuxa porcentaxe de concertos de música sinfónica gratuítos é máis elevada.

Dentro dos distintos xéneros, os concertos de música sinfónica experimentaron unha recuperación no número de espectadores dun 24,7 % con respecto a 2014. A recadación deste xénero aumentou nun 30,1 %.

No tocante á música coral, o número de espectadores en 2015 aumentou nun 15,2 % con respecto a 2014, malia que non variou o número de concertos. Pola súa banda, a asistencia aos de música de cámara e solistas, música de bandas e *rondallas* tamén se incrementou.

En canto á música popular, en xeral, o ano 2015 caracterizouse por unha baixada do número de espectadores tanto en Galicia como no conxunto de España. Todas as comunidades autónomas sen excepción perderon público: 945.041 persoas asistiron en Galicia a estes concertos en 2015, o que supón un descenso dun 6,5 % a respecto de 2014.

Os concertos de pop rock son os preferidos do público galego, con máis de 625.000 asistentes. A recadación dos concertos de música popular experimentou en 2015 un descenso que rompe a tendencia do ano anterior. Porén, no conxunto de España continuou a tendencia á alza da recadación iniciada en 2013, cun aumento de máis de 30 millóns de euros.

O gasto medio por espectador en Galicia foi de 6,1 euros, 3,5 euros menos ca a media nacional, sen apenas variación nestes dous últimos anos, aínda que respecto ao ano 2010 é practicamente o dobre.